

Prezada veciña:

Prezado veciño:

Desde o Concello de Cambre, a través da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, estamos a traballar intensamente para mellorar as prestacións que lle podemos ofrecer ao tecido asociativo do noso concello.

A Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de outubro de 2020, aprobou as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2020.

O prazo para presentar as solicitudes é do 12 de novembro ao 11 de decembro de 2020.

O formulario da solicitude, así como as bases da convocatoria, poden descargarse da páxina web do Concello de Cambre (www.cambre.gal).

Este ano introdúcese unha serie de novidades que debes coñecer e ter en conta. As principais son:

- Por mor da crise sanitaria aprobouse a modificación do PES para o exercicio de 2020 en sesión plenaria de 15 de agosto de 2020, modificando o obxecto da subvención a entidades para a organización de eventos de festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial. O obxecto das ditas festas terá que ser de corte solidario vencelladas á COVID-19.
- Nas regras engadense un novo apartado o e) no cal se aclara que se admitirán coma gastos subvencionabeis os correspondentes ás adecuación aos protocolos anti COVID-19 tales coma máscaras, xeles, luvas, desinfectantes...No caso de adquisición de elementos duradeiros no tempo coma mamparas, deberá incluírse coma investimento no apartado correspondente.

Outra modificación, se cadra unha das máis importantes é que xa dende o ano 2015 a Lei 39/2015 de 1 de Outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recollese que as **persoas xurídicas (asociacións) estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a**

A autenticidade dos documentos asinados pode comprobarse na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es>, introducindo o CVD (código de validación) que figura á marxe.

realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Polo tanto tódolos trámites desta convocatoria terán que ser por vía telemática, incluída a achega de documentación xustificativa (facturas, carteis, etc...). Deste xeito é **MOI IMPORTANTE** que tódalas asociacións nos achegades nos formularios da subvención un **endereço electrónico** xa que este será o medio **OFICIAL** de comunicación coa vosa asociación. Tentaremos axudar en todo o posible para a adaptación aos novos tempos, pero coa situación sanitaria actual máis ca nunca debemos adaptarnos a esta nova realidade.

Por último e non menos importante recordar que as bases das subvencións aclaran que :
9.- **Empregar con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que puideren acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc) no que queden identificadas a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento.** Excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, facturas de aparcadoiro).

Isto quere dicir que os gastos pagados con efectivo estarán fóra da subvención, só se admitirán nos casos excepcionais que se indican. Todo isto nos vén dado pola tendencia de tódalas administracións públicas. Nestes anos atrás pelexamos para que entrasen na subvención os gastos en efectivo pero e necesario ir eliminando os mesmos.

Para calquera dúbida ou consulta quedamos á vosa enteira disposición nos teléfonos 981 61 31 93 (Cultura) e 981 61 31 86 (Deportes).

Agradecendo de antemán a súa colaboración e ficando ao seu enteiro dispor reciba un afectuoso saúdo.

Daniel Mallo Castro
Concelleiro de Deportes e Xuventude
daniel.mallo@cambre.org
981613186

Mónica Varela Germade
Concelleira de Cultura
monica.varela@cambre.org
981613193

A autenticidade dos documentos asinados pode comprobarse na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es>, introducindo o CVD (código de validación) que figura á marxe.